

Arróstrasme ítacas e paraísos decadentes aos que poder regresar dunha viaxe que nunca comecei. Desas cheas de tópicos e clixés. Medas enteiras enfermas de lecturas programáticas que matan as cores e os sons da poesía sen o + - remorso. Non!

Non quero ler, outra vez (e van mil), a Rimbaud nin a Cunqueiro nin... nin sequera... quero ler. Non vou recitar versos nas beiras das ondas porque non son un xoguete desta periferia que me devora os oxímoros.

Constrúome nun eu lírico ou nun vós ou nun nós. Acaso non o ves?  
Poeta: sen xénero, sen sexo, sen artigos que me-te-nos constrinxan.

Serei unha muller con voz de home, hermafrodita, un home feito muller ou a voz que me dea a santa gana entre as estrofas porque o eu na lírica só ten as arestas que a miña vontade module para tecer este momento.

Así que... Faime o favor e afasta de min os devezos culturalistas e académicos! Porque non son Ulysses nin Lois (Pereiro). Tampouco Rosalía ou a Pardo Bazán.

Aparta de diante e anícate dentro dese saco de plumas que te hiperprotexe das asasinas de canons líricos coma min, dos traidores á métrica coma min, das linguaxes coartadoras que me administran sexos que nunca demandeí.

Desachega o espazo necesario para repenicar as tautoloxías e lítotes que quero ceibar no vento antes de que caian as estrelas todas contra a bóveda anubrada. Utilizarei as pontes para lanzarme e aprender a voar (dunha vez por todas!), e, cando regrese, mastigarei con pracer as diloxías da túa entreperna húmida.

Sen poesías nin lirismos.

Só con desexo.

**Eli Ríos, *Culpable*, Xerais, 2017**

Cinco adolescentes sentadas  
nunha mesa moven os dedos  
sobre os móbiles  
coma se movesen os fíos  
das súas vidas.  
Se cadra, a vida é para elas  
unha tecla que se pulsa  
cun tempo  
de permanencia, que  
rescinde-aínda que  
lles pareza indefinido-,  
mentres os gatos desta rúa  
lles lamben as mans, infatigables.  
Con cada dedo pulsan en voz alta  
esa alegría inconsciente,  
tan contaxiosa,  
daqueles que están a espertar  
a unha vida  
que os atorda.  
A adolescencia debe ser,  
en realidade  
unha mensaxe equivocada e  
se destinatario  
do futuro que está por vir.  
E nunca o porvir foi tan incerto  
coma cando pulsas ás cegas  
unha tecla tras outra, sen que  
a idade che permita  
atender demasiado ás teclas que pulsas.  
Apenas falan. Só comentan  
as contestacións  
do WhatsApp ou un fío parvo  
das redes sociais que as fai rir.  
Será por iso polo que,  
no fondo,  
me dan envexa.  
Como molaría agora renovar  
a vida pulsando algunhas  
desas teclas sen destino!

**Fran Alonso, *Terraza*, Xerais, 2017**

## BLUES DO REI BERMANG = B.B. KING

O tempo guinda a súa pedra ao vento  
e a miña infancia desaparece no mar  
ondas circulares de lembranza  
ascenden nos ecos da miña memoria  
a morte é un grao de area nunha ostra  
que acariña con nácara o soño da perla  
apértome e afundo na presenza das cousas  
fuxindo de razóns que ninguén sabe:  
sen dor non hai blues  
sen feitizo só queda a area.

**Lois Pérez, *Long Play*, Xerais, 2017**

AFIXÉCHESTE A ENCOLLERTE ata desaparecer na néboa.

Nai da paciencia.

Filla da terra.

Anel de ouro.

Actriz felizmente camuflada

nos sublimes restos da paisaxe.

A túa cara colorada e cargada de traballo e entusiasmo.

O teu pelo ondulado en caudaloso río de auga verde.

Os ollos do pai, abertos á Natureza,

á conciencia limpa,

ás vacas íntimas,

á inocencia da chuvia,

á pureza das emocións,

á luz sagrada do viño,

á misericordia das sensacións,

á poesía escondida no hórreo,

á memoria milagrosa.

Ollos abertos aos cánticos do carro,

ao fiel xugo,

ao fértil arado e á Santidade profunda do Aire.

**Lupe Gómez, *Camuflaxe*, Chan da Pólvora, 2017**

TIRA a roupa  
mostra o corpo  
as cicatrices delatorias

ergue o brazo, deixa  
que a axila mostre  
que te roeu o veneno  
até desfigurarte

non ocultes o ventre  
a liña que o cruza e que nos conta  
que o parto foi difícil

mostra o corpo  
tira a roupa  
e deixa que as cicatrices  
nos conten esa historia  
a túa historia

que deixen claro  
que venciches

**Marta Dacosta, *Na casa da avoa*, Galaxia, 2017**

## HERDANZA

Felepou toda a noite e o bosque amence fachendoso na súa inmortalidade. Que un disparo ao aire roce o bico dun breixo non é ferida.

Espertar en sabas de liño, tocar coa pel quente antigas iniciais bordadas. De quen?

Un libro vello con letra pequena e un vaso de auga na mesiña de noite. Entra unha mensaxe no móbil, dítase un recordo.

Lonxe. Pero como sabías?

A porta de madeira renxe ao abrila. Pero aínda que non fose así un gato viría agora a cozarse contra as túas pernas miañando por comida. Os seus sentidos distan tanto dos teus.

E porén a súa ansia natural faite sentir ben.

Pequenos abalorios, cunchas furadas que o vento abanea. Boquiñas de nácar evocan a melodía dunha habanera ou dun romance.

Bebes auga fresca do pozo antes de comezar a camiñar.

Antes, moio antes.

Familia.

Aquel que anunciou a entrada na espesura, esperándote na última casa, dixo:

“Non había mapas, eran escrituras que describían de forma moi precisa as coordenadas de cada lugar”.

Eran unha morea de papeis esquecidos: caligrafías requintadas que enumeraban as particións da herdanza e debuxaban topónimos que non escoitabas desde que eras unha pícara. Agora rabuñan como as silvas deste camiño

que tanto templo leva sen rozar.

Os corzos pousan nos campos que xa ninguén ara.  
Un corzo sorpréndese. Os seus ollos, un pozo negro e  
magnánimo.

Os ollos famentos dos corzos, os ollos húmidos do corzo.

Por máis lenes que sexan os teus pasos, todos os  
animais van fuxir.

O musgo amortece as pegadas, esvaran as botas cando  
pisan a lobaría pulmonaria. Medo a quebrar a fina  
lingua branca que cobre a herba no intrabosque.

Hai tempo que desapareceron os marcos. Volves de  
memoria aos papeis, as señas.

Como saber?

Coas fronteiras que non vas atopar esluíronse  
tamén os brazos dunha soidade falsamente  
presentida. O rumor dun regueiro de auga mineral  
que baixa da montaña como un vector favorable non lles deixa sitio.

E de vagar ir tornando antes de que se bote a noite  
enriba. Saltando valos oxidados que dormen enriba de formigueiros.

Antepasadas.

Cando era unha noite moura nas encrucilladas e nas  
mentes se acendían os candelabros do terror.

Pero clic. A lámpada de fóra aínda tira. A aira  
resplandece como un retablo de luz sagrada. Era a  
hora de cerrarlles aos animais.

Entrar, descalzarse, abrir a billa dos sons remotamente  
familiares. Pechar as contras para que non escape o  
calor de dentro.

Estalan como granadas as carozas que prenderon o  
lume desta cociña.

Eran unha morea de papeis esquecidos, delimitaban as terras que che habían de pertencer.

Que facer coas letras. Que facer coa herdanza.

Hai un silencio magro que corroe tecidos e interiores.  
A couza que matando vivifica as madeiras que  
gardaron os alimentos grises da fame.

Fóra estrelece.

**Olalla Cociña Lozano, *Vestir a noite*, Centro PEN Galicia, 2017**



## SE VAS MORRER NA GUERRA LEVA UN LIBRO

Se vas morrer na guerra leva un libro contigo  
podes gardalo como billeteira ou frasco de licor  
no peto esquerdo do corazón por se a ferida vai dar aló.  
Pode entreter unha espera mentres agardas  
a enfermeira que te libre da dor.

Se vas morrer considera utilízalo como almofada  
sempre se consegue o efecto digno e desexado.  
Se sofres problemas de circulación baixo as canelas terá  
/a súa función.  
Leva un libro de lombos duros en que pousar a copa  
/de champaña  
e recitar deseguido un canto de amor.

O libro non ten por que tratar dun tema concreto  
mais cómpre que leve moitas letras, sempre máis que menos,  
se cadra poder abrir pola metade e improvisar  
nun momento de apuro, poñerlle música e botar a bailar.

Na guerra hai momentos de lecer, cando te somes  
/na lectura do libro  
andas nunha bebedela inmerso en mil historias  
/que che farán perder pé.  
Se caes prisioneiro terás a gala ser considerado  
/polo menos lector  
daranche da biblioteca unha cela próxima de habitación.

Se alguén se burlase do teu libro dille que é unha boa táboa  
na que picar un chourizo ou unha cenoria.  
Se vas á guerra morrer que teña tapas e moitas follas  
para tapar furados incontrolados,

se perdes o libro mantén intacta a memoria  
e lembra que coa poesía e as palabras  
son as guerras mellor gañadas.

**Pura Tejelo, *A elegancia do século*, Xerais, 2017**

**esquecer** ter cousas  
esquecerse de gastar  
                    de malgastar

esquecer o que ser os cartos

estar sen cartos

vivir sen cartos

vivir

    sen saber

        o que ser

            os cartos

vivir despreocupada

    sen aspiracións

        sen ambicións

            sen desexos

                sen expectativas

                    sen política

                        sen sufrir

                            sen discutir

ser

    ser feliz

ser

    estar

na butaca

    esquecerse de todo

                    e ser

feliz

    na butaca

**feliz**

**Sther F. Carrodegua, *Na butaca*, Xerais, 2017**

agoiro

Díxenvos: non ficará nada,  
non permanecerá nada,  
nada poderemos conservar.

Nin palacios, nin templos, mausoleos,  
nin pontes, estradas, nin camiños,  
museos, estadios, nin cidades,  
canto, estrelas nin bandeiras.

Caerán os edificios con estrépito,  
derrubaranse baixo o seu peso as catedrais,  
volverán á terra cuarteis, cárceres e audiencias;  
corroerá o tempo os metais máis duros,  
onde estivo o mar haberá un deserto,  
díxenvos.

Será area a pedra, e a area nada,  
e durmirán o mesmo po vencedores e vencidos,  
deuses e demonios, amos e escravos,  
prudentes e zafios, mártires e verdugos,  
criminais e santos.

Derruída será a casa vinculeira,  
borrará a neve os camiños,  
mudará a néboa en tinta, a tinta en auga,  
a auga en nada.

Esqueceremos a voz dos que amamos,  
a memoria dos devanceiros,  
e ficaremos orfos,  
sen patria, sen terra e sen soño.  
Orfos, xordos, cegos, sen norte e sen nome,  
díxenvos.

Pero esquecín o vento.

Estiñará a choiva, pero continuará o vento,  
calará o trono pero permanecerá o vento,  
enmudecerán os gritos,  
secarán os océanos, apagaranse os ecos,  
pero seguirá o vento.

Seguirá o vento co seu lamento longo,  
co seu ouveo desesperado.  
o vento arrastrando un remuíño de follas tristes  
por unha chaira infinita e desolada.

O vento, o vento ouveando só,  
como un can insomne e tráxico,  
ouveando nas tebras, teimudo, perenne, obstinado,  
cando xa ninguén poida escoitalo.

**Xulio L. Valcárcel, *Poesía reunida*, Medulia, 2017**

## **PALABRAS NA BEIRA**

COLOCAR as exactas palabras na beira do aire  
para que o vento non as arrastre,  
colocalas debaixo da pedra  
para que a ave non as roube.  
Buscar palabras de insólito lume  
como estrelas arrincadas da súa campá coa raíz,  
é unha fenda aberta cara a un abismo que non  
  /cicatrizada,  
impronunciábel espazo que xa non se di.  
Dende que brillo acaso de algunha luz durmida,  
dende que memoria túa xogas con esa área  
de letras tan miúdas que non se sosteñen entre os  
  /dedos?

A poesía quítache as cousas  
que tanto traballo urdes,  
acaso non voan os teus paxaros dunha soa á  
en canto os nomeas?  
Non se esvaecen as nubes tras de lles poñer unha cor?  
Tamén escoa a auga que flúe libre aos teus pés,  
como o vento que creas coas palabras do fuxitivo,  
como se oculta o teu deus cando máis o buscas.  
A poesía veu para alumiar grandes espazos,  
como luz de relámpagos, a que alumea o que foxe,  
a que borra as sombras.

**Xurxo Alonso *Cartas da fronteira*, Espiral Maior, 2017**